

## O presidente do Parlamento interésase pola actividade de Executivas de Galicia

**Santiago, 28 de xaneiro de 2019.-** O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, mantivo esta tarde, no seu despacho da Cámara, unha reunión co equipo directivo de Executivas de Galicia, encabezado pola presidenta da organización, Carla Reyes.

No transcurso do encontro, Santalices Vieira interesouse polas diferentes actividades que organiza Executivas de Galicia e felicitou ás súas integrantes polo labor que desenvolven para outorgar maior visibilidade ao traballo das mulleres, especialmente nos ámbitos onde a presenza feminina é aínda minoritaria.

A delegación de Executivas de Galicia presentou ao presidente do Parlamento o proxecto "Referentes Galegas", un directorio que están a elaborar para dar a coñecer o papel de mulleres profesionais e potenciar a súa presenza pública.

Saúdos, Gabinete de Comunicación.